



**Unha rede
en defensa
da Ría de Vigo**

www.arianonsevende.org

A. C. BERRA VAL MIÑOR; A. C. CALEIDOSKOPIO; A. C. D. E. TREZE-CATORZE; BOUZAS MÓVETE; C. S. REVOLTA;
CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO; COMISIÓN VECIÑAL DE AFECTADOS POLA DEPURADORA DO LAGARES;
COLECTIVO XOGO DESCUBERTO; FORO SOCIAL DE CANGAS; GRUPO DE AXITACIÓN SOCIAL; LUITA VERDE;
PLATAFORMA CIDADÁ DE REDONDELA CONTRA A AUTOVÍA; PLATAFORMA DEFENDE MOS;
SALVEMOS MONTEFERRO; SOM DE RÚA; VERDEGAIA; VOCES POLO LITORAL DE TEIS.

CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución s/n
36350 Nigrán

**DOCUMENTO DE ALEGACIÓN
ao PXOM de Nigrán 2013
Aprobación Inicial**

----, 4 de outubro de 2013

Asunto: Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán

- Aprobación Inicial: 14 xaneiro 2013
- Publicación: DOG nº 125 - mércores 3 de agosto de 2013
- Período de exposición pública: 3 meses (2 meses prorrogados 1 mes máis)
- *Data legal de remate do período de alegacións* (Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999, artigo 48.2): 4 de outubro de 2013

Presentación:

---- ---- ----, DI -- --- --- - e domicilio a efectos de notificación ---- ---- ---- ---- ----, actuando no seu propio nome e en representación da Rede de colectivos ecoloxistas, de acción social e defensa cultural **A RÍA NON SE VENDE**, cuxos integrantes se relacionan no encabezamento e na sinatura deste documento, comparece e, ao amparo das Leis 30/1992 e 27/2006, presenta este documento de alegacións ao PXOM de Nigrán aprobado inicialmente o 14 de xaneiro de 2013.

No seu propio interese e en solidariedade coa asociación Salvemos Monteferro

No nome e na lembranza do noso compañeiro Xosé Reigosa

1. MONTEFERRO..... 2

2. PATRIMONIO..... 16

3. OS VIAIS SAIÁNS-PORTO DO MOLLE E CHANDEBRITO-PRIEGUE.....19

1. MONTEFERRO

1.1 A ÁREA DE RECUALIFICACIÓN MONTEFERRO-XERMAÑA

- 1.1.1 A Área de Recualificación Monteferro-Xermaña: irregularidades técnico-xurídicas**
- 1.1.2 A Área de Ordenación Pormenorizada AOP.1-Xermaña: inadecuación ambiental, paisaxística e arqueolóxica**
- 1.1.3 O Sistema Xeral de espazos libres SXA-7: utilización dun espazo natural como zona verde adscrita a solo urbano**
- 1.1.4 O Dominio Público Marítimo Terrestre e a ocupación irregular das Servidumes de Protección e Tránsito de Costas**

1.2 A FEBLE PROTECCIÓN DE MONTEFERRO NO PXOM 2013-AI

- 1.2.1 Antecedentes: as Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán sobre Monteferro**
- 1.2.2 A proposta do Consello Sectorial sobre Monteferro**
- 1.2.3 Os efectos da Área de Recualificación conxunta Monteferro-Xermaña sobre a Protección de Monteferro**
- 1.2.4 Os obxectivos do Plan Especial de Protección e Recualificación de Monteferro**
- 1.2.5 A postura de Salvemos Monteferro e ARNSV ante os obxectivos do PEPRM**

1.3 A PROPOSTA DE SALVEMOS MONTEFERRO, SUBSCRITA POR ARNSV

- 1.3.1 A ameaza que deu lugar ao nacemento de Salvemos Monteferro**
- 1.3.2 Os espazos naturais protexidos en Galicia**
- 1.3.3 Os valores de Monteferro e a necesidade da súa protección**
- 1.3.4 A proposta de ampliación da Rede Natura 2000 e a solicitude de GNSV e SM**
- 1.3.5 Unha figura de protección e un Plan de Protección adecuados e definitivos**

1.1 A ÁREA DE RECUALIFICACIÓN MONTEFERRO-XERMAÑA

1.1.1 A Área de Recualificación Monteferro - Xermaña: irregularidades técnico-xurídicas

a) Determinacións do PXOM 2013-AI

- PXOM AI - Documento I: Memoria Xustificativa.
- 4.2. Xustificación da coherencia cos plans e proxectos incidentes no PXOM
- 4.2.2. Plan de Ordenación do Litoral de Galicia
- Área de recualificación de Monteferro-Xermaña (páxina 34):

"Correspóndese coa delimitación do núcleo rural común de Xermaña. A zona de Monteferro-Xermaña é un ámbito de crecemento desorganizado que necesita de actuacións de desenvolvemento coordinado en conxunto para acadar os obxectivos de calidade de vida e integridade ambiental e paisaxística proposta no modelo territorial.

- PXOM AI - Documento IV: Normas urbanísticas.
- IV B: Fichas de ordenación e xestión.
- Ficha AR-Monteferro-Xermaña (páxina 310):

Descrición e tipos de solo

"Trátase dunha área de grandes dimensións que abarca a totalidade do núcleo rural común de Xermaña, solo rústico de especial protección de Monteferro, así como o ámbito do antigo SAU-1, hoxe incluído como unha Área de Ordenación Pormenorizada (AOP-1). Ocupa unha superficie total de 1.303.939 m²."

... ..

"Aprecieuse pois a necesidade de recoñecer a existencia do Núcleo Rural de Xermaña, que constitúe un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado que pola súa configuración e tipoloxía responde ao tipo básico común dos previstos no art. 13.3.b da LOUGA".

... ..

"Inclúense as franxas de solo rústico de especial protección de costas ao norte e ao sur do Núcleo Rural de Xermaña, a modo de cauce delimitador da parte habitable do istmo. Na parte norte delimitase un gran sistema xeral de espazos libres e zonas verdes que permitirá conectar a zona forestal de Monteferro cos núcleos de poboación próximos a través dun espazo de grande calidade ambiental".

"Por último, o punto central e verdadeiro protagonista da AR é a península de Monteferro, un fito natural en colindancia con espazos costeiros incluídos na Rede Natura 2000, que se clasifica como solo rústico de especial protección de espazos naturais e solo rústico de especial protección de costas".

b) Directrices de Ordenación do Territorio: Determinacións aplicables

- DOT - Doc nº 3. Determinacións
- 3.1 Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos
- Determinacións excluíntes (páxina 296):

3.1.3 "Os instrumentos de ordenación do territorio e os plans xerais de ordenación municipal identificarán aqueles asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación para acadar os obxectivos de calidade de vida, cohesión social e integridade ambiental e paisaxística propostos no modelo territorial destas Directrices. Con dito fin, outorgaráselle a clasificación urbanística que lles corresponda atendendo á legislación vixente".

c) Plan de Ordenación do Litoral: Determinacións aplicables

- POL - TÍTULO V - Normativa
- (Sub) Título I: Modelo Territorial. Capítulo II: Definicións
- Sección 2 - Art. 17: Asentamentos. 6: Ámbitos de recualificación (páxina 9)

6. Ámbitos de Recualificación: *Recoñecidas basicamente como novas agrupacións, son aquelas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, desconformes co modelo territorial proposto no presente Plan (de ordenación do litoral).*

(5. Nova agrupación: recolle conxuntos de edificacións que responden a modernas implantacións no territorio diferentes das de carácter tradicional e que, non obstante, pola súa morfotipoloxía, os servizos e equipamentos que posúen, e a súa intensidade e relación entre as edificacións non constitúen un núcleo de poboación atendendo aos criterios de sostibilidade).

Esta desconformidade responde, na maioría dos casos, á súa localización en espazos de valor e ao seu carácter illado. Son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia senón toda a costa europea nas últimas décadas.

As consecuencias da súa implantación son a fragmentación de hábitats; a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral; a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión social.

d) A inadecuación xurídica e técnica da AR Monteferro-Xermaña

As **áreas ou ámbitos de recualificación** previstos no POL e nas DOT refírense a asentamentos ou novas agrupacións urbanas desvinculadas do núcleo fundacional e da malla urbana dos concellos.

Pero a **Área de Recualificación Monteferro-Xermaña** inclúe dous ámbitos moi diferentes:

- Un ámbito urbanizado, que abrangue o Núcleo Rural Común da Xermaña, no istmo de Monteferro, e o Ámbito de Ordenación Pormenorizada AOP-1, na ladeira E da península.
- Un ámbito de solo rústico de especial protección non urbanizable, constituído pola meirande parte da península de Monteferro e cuxa clasificación, segundo recolle o propio PXOM, é a seguinte:
 - Conxunto da península: Solo rústico de especial protección de espazos naturais.
 - Litoral: Solo rústico de especial protección de costas.
 - Cantís litorais: Forman parte do LIC *Illas Estelas* da Rede Natura 2000.
 - Xacementos arqueolóxicos: Solo rústico de especial protección do patrimonio cultural.

As DOT, o POL e a LOUG establecen clasificacións e regulacións diferentes para cada un dos dous ámbitos, dado que a natureza de cada ámbito, o seu uso e os seus valores a rexenerar e protexer son diferentes.

Polo tanto, a **Área de Recualificación** conxunta Monteferro-Xermaña non é acorde coa lei nin coa racionalidade da planificación.

d) Solicitude

Por todo o exposto, SOLICITAMOS:

- Que O PXOM de Nigrán estableza ámbitos de ordenación diferentes para Monteferro e A Xermaña.
- Que cada ámbito sexa regulado por candanseu Plan Especial de Protección, redactado dacordo co artigo 69 e tramitado dacordo co artigo 86 da LOUG, o que inclúe a súa exposición pública.

1.1.2 A Área de Ordenación Pormenorizada AOP-1-Xermaña: inadecuación ambiental, paisaxística e arqueolóxica

A AR Monteferro - Xermaña inclúe a AOP-1. Este área ten a súa orixe nas Normas Subsidiarias de Planeamento do 16 de maio de 1991, formando parte do ámbito SAU-1.

A AOP-1 ocupa a área de protección integral e a área de cautela do xacemento da Xermaña, poboado galaico romano de entre os séculos III e V. De feito, o xacemento foi parcialmente arrasado, de xeito consciente e deliberado, para iniciar a urbanización do ámbito.

A AOP-1 é unha cuña urbana na ladeira de Monteferro, carece de todo sentido urbanístico, provoca un grave impacto paisaxístico e constitúe unha cabeza de ponte que invita a proseguir, legal ou ilegalmente, a urbanización total da península.

Por estes motivos, SOLICITAMOS:

- Que toda a área de cautela da AOP-1 sexa clasificada e respectada, de xeito efectivo, como Solo Rústico de Especial Protección de Interese Arqueolóxico e incorporada ao Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais de Monteferro.

1.1.3 O Sistema Xeral de espazos libres SXA-7: utilización dun espazo natural como zona verde adscrita a solo urbano

O PXOM 2013 -AI establece un sistema xeral de espazos libres SXA-7, que delimita polo N o núcleo Rural Común da Xermaña e a AOP-1. Estes ámbitos están adscritos a outros ámbitos de planeamento situados ben lonxe da zona.

A metade dos ámbitos deste sistema están fóra do istmo, forman parte da ladeira de Monteferro e teñen valor ambiental e paisaxístico, a pesar da invasión ou contigüidade dalgúns casas fóra de ordenación. Isto supón utilizar o espazo natural para eludir ou reducir a preceptiva reserva de zonas verdes en solo urbano.

Polo tanto, SOLICITAMOS:

- Que estes ámbitos sexan clasificados como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, igual que o resto do monte.

1.1.4 O Dominio Público Marítimo Terrestre e a ocupación irregular das Servidumes de Protección e Tránsito de Costas

Moitas casas do istmo de Monteferro, algunhas delas fora de ordenación, ocupan a servidume de protección de 100 m e incluso a servidume de tránsito de 6 m de Costas.

Polo tanto, SOLICITAMOS:

- Que se elimine todo desenvolvemento urbano destes ámbitos.
- Que se restitúa a servidume de tránsito, eliminando os elementos constructivos que a obstrúen, sen recurrir á instalación de paseos artificiais que rodeen as edificacións existentes.
- Que no ordenamento do PXOM se cumpra o seguinte artigo da LOUG:

Artigo 13º.-Solo de núcleo rural (páxinas 25-26)

4. A delimitación dos núcleos rurais existentes situados na franxa de 200 metros desde o límite interior da ribeira do mar non poderá ser ampliada en dirección ao mar agás nos casos excepcionais nos que o Consello da Xunta o autorice expresamente, pola especial configuración da zona costeira onde se atopen ou por motivos xustificados de interese público, polo que se xustificará a necesidade da iniciativa, a oportunidade e a súa conveniencia en relación co interese xeral.

1.2 A FEBLE PROTECCIÓN DE MONTEFERRO NO PXOM 2013-AI**1.2.1 Antecedentes: as Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán sobre Monteferro**

Eis un extracto das Normas Subsidiarias do concello de Nigrán sobre Monteferro:

ORDENANZA 17. De sitios costeros sobresalientes de singular interés forestal y paisajístico

*Esta ordenanza tiene por objeto la preservación de las condiciones naturales de una zona de la costa de el Municipio que forma parte fundamental de un ámbito del paisaje que se ha caracterizado en el transcurso de el tiempo por su preminencia en el conjunto de la ría, con un nivel de forestación muy singular que le convierte en un referente paisajístico y ambiental. Su ámbito de aplicación viene establecido en los planos correspondientes de ordenación y comprende Monteferro y los islotes y rocas costeras adyacentes.
(.....)*

1. Expresamente se prohibirán:

- *Todo tipo de movimiento de tierras, excavaciones y rellenos que, aparte de la modificación topográfica, implican la destrucción de la flora existente.*
- *La explotación de canteras, extracción y/o acarreos.*
- *Cualquier tipo de vertidos de residuos (sólidos o líquidos).*
- *Él vallado o cierre de fincas con materiales de dimensiones distintas a las tradicionales ya existentes. En cualquier caso en los nuevos cierres sólo se podrán utilizar materiales leñosos, pétreos o setos vivos no pudiendo superar la parte opaca los 0,50 m.*
- *Cualquier tipo de construcción, con la excepción de las asignadas a la defensa nacional ya existentes o futuras claramente asignables a este destino y las vinculadas a los usos tolerados antes mencionados.*
- *La colocación de carteles y anuncios publicitarios.*
- *El asfaltado de nuevos caminos. La conservación y mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Igual se tratarán áreas de aparcamiento mínimas y acotadas con el fin de evitar la invasión de automóviles de las zonas naturalmente accesibles.*
- *La tala de arbolado que no se produzca por entresaca.*

2. Él arreglo de los caminos o senderos peatonales, la delimitación de miradores, etc, se hará de la forma más escueta posible.

1.2.2 A proposta do Consello Sectorial sobre Monteferro

Cando comezou a redacción do PXOM de Nigrán, Salvemos Monteferro quixo participar desde o principio na súa elaboración, e integrouse no Consello Sectorial de Nigrán.

As conclusións do Consello Sectorial referentes a Monteferro foron as seguintes:

“Consideramos que o PXOM debe integrar e aumentar as medidas protectoras de Monteferro que conteñen as actuais normas subsidiarias, impedindo a instalación de iluminación, mobiliario urbano, etc. así como ningún tipo de explotación comercial, aparcamentos, valados, miradoiros artificializados, nin a apertura de novos camiños ou a ampliación dos existentes; nin tampouco servizos innecesarios como saneamento, traída de auga potable, asfaltado de camiños, movemento de terras, recheos ou outras intervencións que modifiquen o carácter de espazo natural, que é a maior riqueza que para Nigrán representa Monteferro. O tránsito motorizado debería quedar terminantemente prohibido en todo o ámbito protexido pola actual ordenanza 17, coas excepcións do camiño principal xa asfaltado, dos traballos que teña que realizar a comunidade de montes para o seu aproveitamento forestal ou dos derivados de situacións de emerxencia (policía, ambulancia, protección civil, bombeiros, etc.) ou outros labores de mantemento necesarios.”

Estas conclusións foron recollidas polo equipo redactor do PXOM na Memoria de Tramitación (páx. 12), suxestión 17.

1.2.3 Os efectos da Área de Recualificación conxunta Monteferro-Xermaña sobre a Protección de Monteferro

a) *Obxectivos e Determinacións do PXOM sobre a AR Monteferro-Xermaña*

- PXOM AI - Documento IV: Normas urbanísticas.
- IV B: Fichas de ordenación e xestión.
- Ficha AR-Monteferro-Xermaña (páxina 311):

Obxectivos e determinacións

1º. Deberase protexer ao máximo as zonas menos contaminadas e conciliar na medida do posible a calidade da paisaxe cos dereitos e expectativas dos seus habitantes e propietarios; para isto haberá que contar coas preexistencias ambientais e coas construídas, sen tratar de evocar unha paisaxe idílica imposible de conseguir, nin sequera desexable xa que negaría a propia esencia cultural do núcleo rural, con todo o bo e o malo que elo comporta.

2º. Tentarase acadar unha racionalización da urbanización e do sistema viario froito do crecemento descontrolado, así como a mellora das dotacións e zonas públicas, que como consecuencia da falta de planificación no desenvolvemento do ámbito son escasas.

3º. Tentaranse manter as rúas e camiños existentes, procurando a súa mellora e ampliación de conformidade coas aliñacións sinaladas, ademais de potenciar os trazados peonís con zonas de repouso e miradoiro que fagan posible o disfrute do espazo natural.

4º. Desenvolveranse as infraestruturas básicas necesarias, e no seu caso melloraranse as existentes, tendo en conta principios de sostibilidade económica e ambiental.

5º. Crearanse novos espazos públicos co fin de esponxar o territorio, restituír a paisaxe natural,

mellorar a súa calidade ambiental e escénica e establecer espazos de cohesión e convivencia social. Aos ditos efectos delimitase o sistema xeral de espazos libres SX-XX, que se adscribe a diferentes ámbitos de desenvolvemento urbanístico.

6º. Limitase a posibilidade de crecementos urbanísticos a aqueles espazos clasificados como solo de núcleo rural, cumprindo en todo caso para elo os requisitos esixidos na lexislación urbanística e no presente PXOM. Co fin de evitar unha colmatación excesiva e permitir unha maior lexibilidade do territorio, establécese para o Núcleo Rural Común de Xermaña a aplicación do Grao 2 da Ordenanza 11, que propón unha parcela mínima de 1.000 m2.

7º. As actuacións específicas que se plantexan para a AR son as seguintes:

*a) **Obras ordinarias:** mellorarase as infraestruturas de saneamento e abastecemento mediante conexións ás redes existentes para a rúa Portocelo e a rúa Seixos Negros.*

*b) **Plan Especial de Protección e Recualificación de Monteferro (PEPRM)***

b) Efectos dos obxectivos e determinacións da AR conxunta Xermaña-Monteferro sobre a protección de Monteferro

1. Os puntos 6º e 7º-a son especificamente aplicables ao ámbito da Xermaña, e o punto 7º-b é exclusivamente aplicable ao ámbito do solo rústico de Monteferro.

Pola contra, os puntos 1º a 5º son aplicables a ámbolos dous ámbitos. Estes puntos definen actividades que comportan unha inevitable artificialización, que pode ser necesaria e razoable no ámbito da Xermaña, pero que non é necesaria nin razoable no ámbito de Monteferro.

2. O punto 7º-b define os obxectivos do *Plan Especial de Protección e Recualificación de Monteferro (PEPRM)*.

Pois ben: a redacción destes obxectivos está impregnada do mesmo espírito de xestión que os puntos 1º a 5º, e que é propio dun ámbito urbanizado como o da Xermaña. Isto menoscabaría gravemente a protección de Monteferro, tal e como se detalla máis adiante.

c) Conclusión:

A adecuada protección de Monteferro require que o PXOM estableza ámbitos de ordenación diferentes para Monteferro e A Xermaña

Polo tanto, reiteramos a nosa SOLICITUDE expresada no punto 1.1.1.

1.2.4 Os obxectivos do Plan Especial de Protección e Recualificación de Monteferro

a) Actuacións específicas do PXOM sobre a AR Monteferro-Xermaña: o PEPRM

- PXOM AI - Documento IV: Normas urbanísticas.
- IV B: Fichas de ordenación e xestión.
- Ficha AR-Monteferro-Xermaña (páxina 311)

7º. As actuacións específicas que se plantexan para a AR son as seguintes:

*b) **Plan Especial de Protección e Recualificación de Monteferro (PEPRM):** aprobarase un plan especial dos previstos no art. 69 da LOUGA cuxo ámbito abarcará o solo rústico incluído na AR, e que terá os seguintes obxectivos:*

I. Protexer e rexenerar as baterías militares e a súa contorna, poñendo en valor este espazo para destinalo aos usos ambientais, culturais e educativos que se propoñan no instrumento.

II. Poñer en valor os miradoiros existentes.

III. Acondicionamento da pista forestal de baixada dende o monumento aos Mártires do Mar, prevendo unha senda peonil e un carril bici.

IV. Previsión dun carril bici e dunha senda peonil na rúa Monteferro ata o seu entronque coa rúa de Portocelo.

V. Acondicionamento e mellora do camiño de acceso ao Faro, e rehabilitación e posta en valor do mesmo e da súa contorna.

VI. Aqueles outros que poda establecer o propio PEPRM.

VII. PEPRM incorporará un estudo de impacto e integración paisaxística nos termos esixidos no POL.

1.2.5 Postura de Salvemos Monteferro e ARNSV ante os obxectivos do PEPRM

Os obxectivos do PEPRM revirten as xa antigas Normas Subsidiarias, rebaixando drásticamente o nivel de protección por elas outorgado:

- As NNSS prohibían todo tipo de movemento de terras, excavacións e recheos.
- O PEPRM pretende *poñer en valor* -eufemismo que implica unha artificialización xeralmente innecesaria e trivial- os miradoiros, a contorna das baterías militares e a contorna do Faro, cando o valor destes lugares reside na súa naturalidade.
- As NNSS prohibían o asfaltado de novos camiños e o paso de vehículos por zonas non asfaltadas. Tamén requiría que a conservación e mantemento dos camiños existentes se fixese con materiais pétreos en seco.
- O PERPM pretende *acondicionar* -é dicir, anhear e asfaltar- a pista forestal de baixada ao Faro, dotándoa cunha senda peonil e un carril bici que son innecesarios se non hai circulación de vehículos, dado que a propia pista é a senda e o carril.
- As NNSS prohibían a tala de arborado a matarrasa, cousa que non consta nos obxectivos do PEPRM.
- E, por último, un caixón de sastre no *punto VI: Aqueles outros (obxectivos) que poda establecer este PEPRM*. Un burato negro onde cabe calquera acción imaxinable.

Conclusión:

Non podemos estar de acordo cun PEPRM cuxos obxectivos implican claramente o menoscabo da protección do monte en contra do noso sentir, do sentir do consello sectorial e, paradoxalmente, do equipo redactor e do goberno de Nigrán, que incluíron esa suxestión nº 17 na memoria do PXOM e ignoránora na súa elaboración, deixando á imaxinación dos gobernos municipais as actuacións que se poderían facer no monte.

Por todo o exposto anteriormente SOLICITAMOS:

- Que, dado que a pretensión xeral das veciñas e veciños de Nigrán é dotar de máis protección ao monte comunal, se inclúan como mínimo as medidas protectoras que figuraban nas NNSS do concello de Nigrán (Ordenanza 17).
- Que se incorporen aquelas outras medidas protectoras acordadas polo consello sectorial nas súas conclusións e referidas no punto 1.2.2 do presente escrito de alegacións.

Con todo, esta é unha proposta de mínimos. Monteferro é un espazo natural que necesita unha figura de protección oficial e un Plan de Protección acorde cos seus valores, ben alén da simple clasificación como SRPN segundo a LOUG. Desenvolvemos esta cuestión no punto 1.3.

1.3 A PROPOSTA DE SALVEMOS MONTEFERRO, SUBSCRITA POR ARNSV

1.3.1 A ameaza que deu lugar ao nacemento de Salvemos Monteferro

Era o ano 2006, cando un desafortunado proxecto pretendía facer un vial de circunvalación con dous carrís de sentido único rodeando Monteferro, unha rotonda de 36 metros de diámetro... unha intervención que estragaría para sempre o último reduto verde cara ao mar e de acceso público na banda sur da ría de Vigo. Un lugar moi especial, marcado no mapa de identidade de moitas persoas.

Estes feitos deron orixe á asociación de defensa medioambiental Salvemos Monteferro, que axiña organizou unha recollida de firmas para parar esa desfeita, acabar coas talas indiscriminadas a matarrasa no monte e comezar a esixir o estricto cumprimento da legalidade vixente, algo que ata aquela ninguén solicitara. Pronto comprendimos que esa esixencia, por inédita, era un feito revolucionario, pero conseguimos un fito histórico: o 13 de maio do 2006, presentáronse 9.575 firmas no rexistro de entrada do concello de Nigrán contra o proxecto de vial e contra as cortas masivas a matarrasa que se estaban a producir no monte. Nunca antes nin despois sucedera nada parecido neste concello, que ten 17.500 habitantes. Deixar o monte como está e acometer únicamente accións de mantemento, repoboación con plantas autóctonas e cumprimento estricto das normas subsidiarias vixentes, foi respaldado maioritariamente pola veciñanza e por persoas ás que Monteferro marcou para sempre. Conseguimos parar o proxecto, e esperamos que esa esixencia popular non quede esquecida nos arquivos do concello.

1.3.2 Os espazos naturais protexidos en Galicia

a) Biodiversidade e hábitats en Galicia

Galicia alberga unha media de 17,4 tipos de hábitats de interese comunitario por cada 100 km², dos que unha alta proporción son hábitats prioritarios. Isto é máis do dobre do conxunto da península ibérica, que se sitúa en 8,3 hábitats/100 km². Galicia é a terceira comunidade do estado en número total de tipos de hábitats de interese comunitario (só por detrás de Cataluña e Andalucía).

b) A Rede Natura 2000 actual en Galicia

A pesar dos datos anteriores, a Rede Natura actual abrangue tan só o 11,7% da superficie terrestre de Galicia (o 5,7% do territorio da Coruña, o 15,5% do de Lugo, o 16,6% do de Ourense e o 6,2% do de Pontevedra). A media estatal entre comunidades é do 24,5%. O conxunto do Estado aporta á Rede o 27,2% do seu territorio, e a Comisión Europea solicitou a súa ampliación.

Alén de moi escasa, a Rede Natura galega está moi desequilibrada entre provincias. Sorprende o seu escaso desenvolvemento na Coruña e Pontevedra. Os estudos realizados polo IBADER amosan que a provincia de Lugo presenta o maior número de hábitats de interese comunitario de entre as 4 provincias, o que pode explicar a seu peso relativo, pero Ourense é a provincia co menor número de hábitats no territorio galego, e é a que aporta máis porcentaxe do seu territorio á Rede.

c) A ampliación da Rede Natura 2000 proposta pola da Xunta de Galicia é insuficiente

Coa ampliación proposta, a Rede Natura acadaría o 15,2% da superficie terrestre de Galicia (o 9% do territorio da Coruña, o 20,5% do de Lugo, o 19,2% do de Ourense, e o 8% do de Pontevedra).

A ampliación segue situando a Galicia moi por debaixo do conxunto do estado, e mantén o desequilibrio entre provincias, se ben se invirte a situación entre Lugo e Ourense, e entre Coruña e Pontevedra, en porcentaxe de territorio aportado.

Consideramos que, dado o valor ambiental do territorio galego, a superficie dos espazos naturais protexidos en Galicia debería superar a media estatal, e acadar alomenos un terzo (33%) da súa superficie terrestre continental. Os espazos mariños protexidos deberían experimentar un aumento parello.

Isto representa 2,8 veces a superficie actual da Rede Natura galega. O equivalente teórico nas catro provincias sería 5,8 veces a superficie actual na Coruña, 2,2 veces en Lugo, 2 veces en Ourense e 5,3 veces en Pontevedra. Pero a distribución real deste aumento debería ser ponderada e adaptada aos hábitats existentes no territorio de cada provincia.

Non se trata dun aumento desmesurado. Trátase de que o nivel de protección actual é desmesuradamente baixo. Á luz destes datos, a proposta da Dirección Xeral de Conservación da Natureza é tan escasa que resulta incomprensible.

Incluso contando con que a protección do territorio galego se acadaría por conxunción e solape entre a Rede Natura 2000 e a Rede Galega de Espazos Protexidos, a proposta debería acadar, como mínimo, a porcentaxe de superficie terrestre equivalente á existente no conxunto do estado, que actualmente é do 27,2 %.

1.3.3 Os valores de Monteferro e a necesidade da súa protección

1. Monteferro, un espazo natural valioso rodeado polo LIC Illas Estelas

O espazo natural conformado pola península de Monteferro e as Illas Estelas constitúe unha das máis valiosas riquezas do patrimonio natural, arqueolóxico e cultural do concello de Nigrán e de Galicia.

Monteferro é na actualidade o único espazo natural costeiro conservado e sen urbanizar en toda a ribeira sur da Ría de Vigo, é dicir: o último reducto natural nos 15 quilómetros do litoral sur da ría.

A península de Monteferro penetra no Lugar de Interese Comunitario (LIC) *Illas Estelas* (Código: ES1140012), de feito que está rodeada por él. O LIC, que tamén constitúe unha ZEPVN da Rede Galega de Espazos Protexidos, comprende **os cantís de Monteferro**, a súa contorna intermareal e marítima, as *Illas Estelas* e os illotes chamados *As (pedras) Serralleiras*. O LIC comprende 707 Ha de augas mariñas, con fondos superiores a 15 m na súa maior parte.

2. Flora e fauna no LIC Illas Estelas

En canto á flora e á vexetación, as illas Estelas e os cantís de Monteferro albergan matogueiras costeiras galaico-portuguesas, pertencentes á asociación *Cisto salvifolii-Ulicetum humilis*. As uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans* conforman hábitats de interese comunitario incluídos no Anexo 1 da directiva 92/43/CEE.

No que se refire á fauna, existen poboacións de lagarta ibérica (*Podarcis hispanica*) nas dúas illas maiores, de especial interese polo seu carácter insular. Entre a avifauna nidificante, cabe destacar a colonia de gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) (150-200 parellas) e, nos cantís de Monteferro, un dos poucos puntos de nidificación do escaso vencello real (*Apus melba*) na costa de Galicia (3-5 parellas). Hai unha presenza frecuente de aves mariñas durante os pasos migratorios e a invernía, como corvos mariños (*Phalacrocorax aristotelis* y *Phalacrocorax carbo*), pentumeiros (*Melanitta nigra*), alcas (*Alca torda*) e carráns (*Sterna spp*). No verán e outono pódense observar bandadas estacionadas de pardelas baleares (*Puffinus mauretanicus*), endemismo en perigo crítico de extinción.

Nas augas do LIC é relativamente frecuente a presenza de mamíferos mariños, como o arroaz (*Delphinus delphis*), o golfinho mular (*Tursiops truncatus*) e a marsopa (*Phocoena phocoena*)

3. Fauna do LIC na península de Monteferro

Moitas das aves que habitan o LIC-ZEPVN Illas Estelas aninhan nos cantís de Monteferro, e a maioría delas frecuentan a península, terra adentro dos cantís, fóra do LIC actual.

4. A vexetación de Monteferro e a súa rexeneración

A vexetación actual de Monteferro é na súa meirande parte de masa forestal de repoboación. A súa composición aproximada é: 50 % *Pinus pinaster*, 15% *Eucalyptus globulus*, 2,5% *Pinus radiata*, 2% *Acacia melanoxylum*, 17,5% de masas mixtas das anteriores especies, máis exemplares dispersos doutras especies de árbores (carballo, carballo americano, castiñeiro, loureiro, ameneiro, abruñeiro, estriperio, choupo negro), e 13% de arbustos (sanguiño, xesta branca, xesta negra, herba salgueira), matogueira (toxo, silva, carrasco, carqueixa, queiruga, carpaza, trobisco, xilbarbeira) e diversas herbáceas.

A vexetación de Monteferro constitúe parte fundamental do seu valor paisaxístico. Por outra parte, consideramos que éste é un espazo idóneo para a recuperación progresiva da súa vexetación autóctona orixinaria. Ésta sería a *carballeira de outeiro húmido ou hiperhúmida e acidófila*, que, ademais de carballos, contaría con as outras especies de árbores e arbustos (castiñeiro, loureiro, acivro, estripeiro, sanguiño, albedro), matogueira e herbáceas (xesta, silva, fento, pereira brava, xenxibre, hedra, herba salgueira, uvas de can, violeta) que lle son propias.

5. O valor paisaxístico de Monteferro

Monteferro, debido á súa conformación, ás súas masas arbóreas e a súa localización, entre a enseada de Baiona e á Ría de Vigo, constitúe un fito paisaxístico de enorme beleza, e unha mostra de cómo era hai medio século o litoral da Ría de Vigo. Isto foi oficialmente recoñecido polo goberno da Xunta 2005-2009, que iniciou os trámites para a catalogación de Monteferro como Paisaxe Protexida, trámites que inclúen a sinatura do alcalde actual (marzo de 2012) de Nigrán, pero aínda non os materializou.

6. O valor arqueolóxico de Monteferro

Monteferro conta cun patrimonio arqueolóxico único. No seu límite occidental, á beira dos cantís, destaca o petróglifo das Penisas Pequenas, que contén 17/19 *muiños naviculares*, o número máximo de muiños coñecidos nun mesmo soporte, asociados a *gravados podomorfos humanos* con indicación dixital e liñas curvas. Xunto a eles figuran outros gravados con *coviñas* e *microcoviñas*. Tamén existe un conxunto de 8/10 *muiños naviculares* no promontorio rochoso da Meda, no vértice noroccidental da península. Todos eles están constatados arqueoloxicamente no fenómeno tumular, IV e III milenio, na Idade do Bronce; e na Cultura Castrexa, dende o III milenio ata a súa fusión coa cultura romana, da que tamén existen restos arqueolóxicos no monte. Desta hai que salientar o xacemento da Xermaña, poboadado galaico-romano de entre os séculos III e V, e cuxos restos foron parcial e deliberadamente arrasados para iniciar a urbanización do lugar.

7. O valor de Monteferro como zona de protección do LIC Illas Estelas

Monteferro forma parte do arco natural Costa da Soavela-Cabo-de Home-Barra (LIC), Illas Cíes (Parque Nacional) e as propias Illas Estelas (LIC), conformando o extremo Este do conxunto.

Monteferro está practicamente incrustado no LIC Illas Estelas, e constitúe unha barreira natural de protección entre o LIC e a zona urbanizada comprendida entre Panxón e Patos, que impide a meirande parte dos impactos que a urbanización e a presenza humana podería ter no LIC.

8. As ameazas que penden sobre Monteferro

A conducta humana irrespetuosa (circulación de automóviles e motos polas pistas e sendeiros ata a mesma beira dos cantís; eliminación innecesaria de matogueira, valiosa como hábitat, incluso nos propios cantís; xogos de guerra cuxos participantes estragan a matogueira e esparcen polo chan balíns de plástico; acumulación de lixo; ruído) ameaza con degradar este espazo natural e desprazar dos cantís ás especies do LIC.

A presión urbanística (invasión progresiva do monte e da ribeira con construcións moitas veces ilegais) e o intento de facer da península unha mistura de zona residencial e parque artificializado ameazan a propia conservación deste espazo natural.

9. A necesidade de conservar a naturalidade de Monteferro

Dados os valores de Monteferro importa, e moito, non caer na tentación de converterlo nun parque urbano, artificializando a paisaxe e trocando o seu carácter. O gran valor desta península derívase precisamente da súa case milagrosa conservación ata os nosos días como espazo natural a penas modificado. Neste sentido cómpre resaltar esa tendencia que xa desde hai anos vai crescendo na maioría dos países desenvolvidos, onde grandes espazos preservados, mesmo próximos ás grandes cidades, son conservados como espazos naturais, sen mobiliario urbano, iluminación nin artificialización ningunha, nun novo concepto de parque: área natural para o lecer da cidadanía.

Por citar só algúns exemplos: O Charlottenlund Palace Gardens, en Dinamarca, cuxos bosques circundantes, autóctonos, foron conservados como espazos naturais non artificializados e son mantidos sen a penas intervención humana. O paseo fluvial de Nantes, onde a única intervención foi a de abrir algúns camiños de xabre para o paseo conservando intacta a flora autóctona, significa hoxe un dos principais atractivos da cidade. Toda a contorna de Oslo está rodeada por un cinto de parques que conservan intacto o seu carácter de natureza viva, sen mobiliario urbano, nin iluminación, nin intervención humana... Espazos naturais cada vez máis escasos canto máis próximos esteamos a zonas altamente urbanizadas e, por iso mesmo, máis valiosos.

1.3.4 A proposta de ampliación da Rede Natura 2000 e a solicitude de GNSV e SM

No ano 2012, Galiza Non Se Vende e Salvemos Monteferro (Rede na que está integrada ARNSV) presentaron alegacións á proposta de ampliación da Rede Natura 2000 por parte da Xunta de Galicia. Na parte correspondente a Monteferro a nosa solicitude foi:

- *Solicitamos para Monteferro a protección real e eficaz que precisa como espazo natural valioso.*
- *Consideramos que Monteferro debe ser, cando menos, clasificado como Zona Periférica de Protección do LIC Illas Estelas, de acordo co artigo 37 da Lei (estatal) 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.*
- *Sen embargo, consideramos máis apropiado, e así o solicitamos, que Monteferro sexa incluído no LIC Illas Estelas, do que xa forma parte natural, e que o espazo resultante pase a chamarse LIC Monteferro-Illas Estelas.*

Porén, hoxe consideramos que a protección de Monteferro precisa un paso máis que a inclusión nun LIC da Rede Natura, polas razóns que se expoñen a continuación.

1.3.5 Unha figura de protección e un Plan de Protección adecuados e definitivos

Hoxe debemos ter en conta as circunstancias seguintes:

- Os cambios legislativos (LOUG, Lei de Costas, Lei de Montes, Lei de Minas, Lei de Estradas) convirten en papel mollado a protección que deberían ter os espazos naturais, e tanto da que estean clasificados SRPN e que pertencen á Rede Natura ou á Rede Galega de Espazos Protexidos.
- Unha figura de protección adecuada para Monteferro é a de Parque Natural, pois permite establecer o seu propio Plan de Protección e Xestión, compatible coa utilización sustentable dos seus recursos forestais.
- As Illas Estelas e Monteferro constitúen unha continuación natural (xeomorfolóxica, biolóxica, paisaxística e arqueolóxica) das Illas Cíes no continente. E as Illas Cíes pertencen ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- A lexislación estatal e a lexislación galega non establecen diferencias entre Parque Natural e Parque Nacional.

En conclusión, consideramos que o único modo eficaz para a protección de Monteferro é a súa declaración como Parque Natural e incluír a súa xestión no ámbito do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Declaración que debería ser promovida polo Concello de Nigrán, e así o SOLICITAMOS.

2. PATRIMONIO

- 2.1 Descoñecemento da Historia de Nigrán, do seu patrimonio histórico e arqueolóxico e das súas paisaxes históricas asociadas**
- 2.2 Catálogo de bens incompleto e omisión de xacementos arqueolóxicos de grande interese**
- 2.3 Descoñecemento das cavidades naturais existentes no termo municipal e do seu patrimonio histórico e etnográfico (material e inmaterial) asociado**

2.1 Descoñecemento da Historia de Nigrán, do seu patrimonio histórico e arqueolóxico e das súas paisaxes históricas asociadas

Os documentos elaborados para o deseño deste PXOM de Nigrán carecen de toda fiabilidade no que respecta ao coñecemento da historia do territorio que se pretende ordenar. Entre outras eivas, a Memoria Informativa asegura que *“En Nigrán non se atoparon restos de ningún poboado ou asentamento do Paleolítico”* descoñecendo, por exemplo, que o xacemento GA 36035006 (ficha 21 do Catálogo de Bens a Protexer. Doc. V do PXOM) Peneites, consta en exclusiva de materiais de tipoloxía achelenses, ergo Paleolítico Inferior, en número e dispersión que non deixan dúbida sobre a existencia nesa zona, que se estende ao Norte por terras de Coruxo, Vigo, dun asentamento paleolítico de alcance que ademais non é o único: Casa de Couso, Chans de Montecastelo...

Continúa a Memoria Informativa deste PXOM coa afirmación de que no Neolítico neste concello *“O máis destacable son as construcións megalíticas, monumentos funerarios que se agrupan normalmente en necrópoles, coma os atopados na parroquia de Chandebrito, en San Mamede de Priegue, en Valadares e Vincios”*. Nin Vincios, nin Valadares son parte do concello de Nigrán, nin as súas mámoas as máis interesantes nas proximidades, nin, no referido ao que si se sitúa en Nigrán, por moi interesantes que sexan as tres mámoas que se conservan a día de hoxe no territorio municipal (a saber a mámoa de Chan de Rapadouro GA 36035064, Chandebrito, a das Requeixadas ou da Chan do Outeiro Grande -ficha 18 do Catálogo de Bens a Protexer con mapa de localización erróneo e adscrición parroquial incorrecta, non está en Camos, si en Priegue-, GA 36035027, e a mámoa d’As Chans, Camos, GA36035086), non se pode afirmar que estas *“construcións megalíticas”* sexan o máis destacado do que se coñece do Neolítico neste concello. Os feitos ignorados son que nos montes de Priegue, Camos e Chandebrito concéntrase un extenso territorio de ocupación neo-eneolítica con numerosos xacementos de todo tipo onde destacan máis dun cento de grupos de muíños rupestres e petróglifos concentrados nesta zona, nada menos que cinco zonas de asentamento humano ao aire libre datables entre o Neolítico e a Idade do Bronce xa catalogados en O Viveiro GA 36035032, As Agrileiras GA 36035034, A Cabeza do Regato GA 36035028; Outeiro [non Otero] do Gugurú GA 36035072 e o das As Ventaniñas GA 36035011 e a todo isto, úneselle os moito máis raros xacementos arqueolóxicos coñecidos en cavidades graníticas naturais (ver 3ª alegación).

Estas eivas non son as únicas que se manifestan con toda impunidade na moi deficiente Memoria Informativa. Entre outras, chegados a Idade Antiga dase por boa a suposición -fai décadas descartada-, de que a vía romana coñecida como *“per loca marítima”* pasase por este territorio. Ao respecto dos camiños empedrados de orixe antiga, que si se conservan no territorio deste concello, chama poderosamente a atención que en todo o Catálogo de Bens a Protexer deste PXOM o único que se cataloga (ficha 363 Camiño Portugués ou camiño Monacal) que é o que pior

se atopa conservado. Así, os tramos que foron parte dos camiños reais e vías de orixe medieval, se non anteriores, que por exemplo se conservan relativamente ben, nomeadamente en Chandebrito (o camiño do Valiño, camiño das Pereiras-Igrexa, camiño do Soeido, camiño das Cordiñas, camiño da Chosiña, camiño das Centieiras e o camiño dos Matos a Pracíns) ou, entre outros lugares, no camiño dos Abrigueiros (Priegue, Camos) fican, a pesares da súa antigüidade e valor paisaxístico e etnográfico, desprotexidos.

O texto da Memoria Informativa adicado á Idade Media merece, para noxo público, ser reproducido aquí: *“Na Idade Media, o poder relixioso e as casas nobres repartíanse estas terras, ao igual que ocurría no resto do territorio galego. A partir de entón, a historia do municipio está ligada ao dominio que exercían os señores feudais. En concreto, o Mosteiro de Oia e os condes de Priegue e Gondomar señoreaban o territorio que hoxe día conforma o termo municipal de Nigrán, entre outras. As relacións comerciais eran case inexistentes, só referidas a transmisións de terras referentes aos pazos ou aos pagos das rendas dos campesiños aos seus señores. Non será ata a Segunda República, en 1931, cando se produzan profundos cambios na estrutura social e do territorio. O poder señorial chega ao seu máximo expoñente no século XVI, cando o municipio de Nigrán se enche de pazos, coma o Pazo de Touza, o Pazo Cadaval de Urzáiz, o de Cea ou a Casa Sanromán.”* O cúmulo de xeneralidades, falsidades e imprecisións para calquera que coñeza o estado de coñecementos da historia do Val Miñor é inaceptable en documento oficial e de relevancia como é este PXOM. É máis, alegamos que con este descoñecemento básico, a historia medieval deste territorio fica ignorada e minusvalórase así a potencialidade do territorio actual como ben a protexer. Por exemplo, non é de recibo descoñecer a día de hoxe que no GA 36035089, Outeiro dos Mouros – Castelo de Parada, estivo e fican restos do castelo que durante case mil anos foi dos principais da Terra de Turonio / Toroño: o Castelo de Santa Helena, e que, por proximidade co lugar de Nandín, Parada, e coa casa do que foi un dos seus personaxes asociados a ese castelo máis importantes na historia de Galicia (vid. ficha 214, Cruceiro casa Suero Yáñez), e coa propia igrexa de Parada, etc., resulte infravalorada esta paisaxe histórica de interese que, sen dúbida, daría mellor proveito ordenar de saberse recoñecerse a súa existencia e valores.

2.2 Catálogo de bens incompleto e omisión de xacementos arqueolóxicos de grande interese

O Catálogo de Bens a Protexer está incompleto e ignora a existencia de xacementos arqueolóxicos, por máis de grande interese, como é o penedo que ten grabado o afamado (por ter sido protagonista en diversos programas de televisión e reportaxes na prensa escrita) petróglifo do Cervo do Soeido ou Sueido, Igrexa, Chandebrito, desde fai décadas aproveitado como parede dunha corte de animais domésticos anexa a unha vivenda. Ignórase tamén o non menos espectacular petróglifo de combinacións circulares con cervos asociados que se esconde baixo unha viña nas Chans, Chandebrito. O petróglifo de coviñas no abrigo das Aléns, Chandebrito, e o grupo de muíños rupestres con petróglifo da Retamán, Camos, son outros xacementos arqueolóxicos deste concello dos que se ignora a súa existencia por descoñecemento da bibliografía editada nas últimas dúas décadas tanto en papel como na Internet. Esta alegación consideramos debe ser tida moi en conta polo Concello de Nigrán xa que as autoridades competentes da Xunta de Galicia en relación ao patrimonio arqueolóxico foron reiteradamente avisadas, por asociacións de distinto tipo, da existencia destas graves carencias no Catálogo de Bens Arqueolóxicos do Concello de Nigrán, así como da existencia doutros bens do mesmo tipo e etnográficos que aquí, resulta improcedente voltar detallar.

2.3 Descoñecemento das cavidades naturais existentes no termo municipal e do seu patrimonio histórico e etnográfico (material e inmaterial) asociado)

Os estudos xeolóxicos que se presentan na documentación deste PXOM en ningún momento reparan nas cavidades naturais que se coñecen dentro do termo municipal. As cavidades localizadas nos granitos de Camos ou Chandebrito (a saber: a Cova de Sanomedio, Outeiro dos Niños, Outeiro das Cortes, Outeiro de Peneites, Outeiro da Cañoteira, A Lapa dos Piñeiros I e II, A Cova dos Lobos, A Cacheira do Outeiro do Paso, Outeiro das Campanas, Outeiro do Corvo ou Pousadouro...) non son consideradas nin por separado nin no seu conxunto, mesmo descoñecéndose a súa existencia e tamén o seu importante papel na historia da ocupación desta parte do territorio tanto na prehistoria (en especial durante o proceso de Neolitización estando asociados estes espazos a petróglifos e muíños rupestres) como en épocas máis recentes cun destacable patrimonio etnográfico (material e inmaterial) asociado dado seu uso inmemorial como abrigo de camiñantes, pastores, canteiros... Xa que logo, do mesmo xeito que no referido ao Catálogo de Bens a Protexer ou á Memoria Xustificativa antes comentados, alegamos cómpre actualizar os coñecementos xeolóxicos, neste caso consultado a revista *Furada* número 10, *Catálogo de Furnas do Litoral Pontevedrés*, e o número especial, de 2011, da mesma revista da FGE, Federación Galega de Espeleoloxía, que edita as actas do *I Congreso Galego de Espeleoloxía* celebrado no Barco de Valdeorras en 2006 no que se atopa (pp. 107-118 e pp. 162-171) información ao respecto que doadamente se pode actualizar poñéndose en contacto con esta entidade que alega.

3. OS VIAIS SAIÁNS- PORTO DO MOLLE E CHANDEBRITO-PRIEGUE

3.1 A INEXISTENCIA DUN PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA NO QUE INSERIR LEGALMENTE OS VIAIS SAIÁNS-PORTO DO MOLLE E CHANDEBRITO-PRIEGUE

3.1.1 A necesidade dun Plan de Estradas de Galicia, hoxe inexistente, para poder construír legalmente estradas autonómicas.

- a) A esixencia dun Plan de estradas de Galicia segundo a lei 4/1994.
- b) O inserimento legal do Plan de Estradas de Galicia na ordenación do territorio.
- c) A esixencia legal dunha Memoria Xustificativa do Interese Público dos plans e proxectos.
- d) O procedemento de aprobación do Plan de Estradas de Galicia segundo a lei.

3.1.2 O Plan Director de Estradas de Galicia (*PDEG*) 2008-2020: a súa inexistencia legal e as irregularidades que impiden a súa aprobación.

3.1.3 O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (*Plan MOVE*) 2009-2020: a súa inexistencia legal e as irregularidades que impiden a súa aprobación.

3.1.4 O Plan conxunto denominado PDEG-Plan MOVE: a súa inexistencia legal e a imposibilidade da súa aprobación.

3.1.5 Resumo cronolóxico da tramitación do PDEG-MOVE

3.1.6 As consecuencias da inexistencia do Plan de Estradas de Galicia: todos os Plans Viarios comarcais e metropolitanos, e todos os proxectos e obras de estradas elaborados e/ou realizados dende o ano 2000 carecen de soporte legal.

3.2 A INEXISTENCIA DE XUSTIFICACIÓN LEGAL PARA QUE O CONCELLO DE NIGRÁN RESERVE SOLO SOLO DESTINADO AO VIAL SAIÁNS-PORTO DO MOLLE

3.3 A INNECESARIEDADE DO VIAL SAIANS - PORTO DO MOLLE

3.4 A INNECESARIEDADE DO VIAL CHANDEBRITO-PRIEGUE

3.1 A INEXISTENCIA DUN PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA NO QUE INSERIR LEGALMENTE O VIAL SAIÁNS-PORTO DO MOLLE

3.1.1 A NECESIDADE DUN PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA, HOXE INEXISTENTE, PARA PODER CONSTRUIR LEGALMENTE ESTRADAS AUTONÓMICAS.

a) A esixencia dun Plan de Estradas de Galicia segundo a Lei 4/1994

A Lei 4/1994, de Estradas de Galicia, contempla a existencia dun Plan de Estradas da Comunidade Autónoma e Plans de Estradas provinciais e municipais. A Lei establece que non se poden realizar novas estradas, obras nin actuacións na rede galega se non están incluídas no seu Plan correspondente.

Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia

Artigo 7.

Corresponde á Consellería competente en materia de estradas:

- a) *Elaborar o plan de estradas da Comunidade Autónoma.*
- e) *Coordinar os plans provinciais e municipais de estradas e supervisar a súa execución.*

Artigo 10.

1. Os plans de estradas comprenderán as previsións, os obxectivos e a programación de actuacións nas mesmas, así como os criterios de revisión do propio plan. Neles, as estradas clasificaránse en tres redes: primaria básica, primaria complementaria e secundaria.

Artigo 19.

Só poderán construírse novas estradas cando estean previstas no seu correspondente plan.

Non obstante, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda poderá, excepcionalmente, realizar actuacións ou executar obras non previstas no Plan de Estradas en caso de reconocida urxencia ou excepcional interese público, debidamente apreciados polo Consello da Xunta, debendo dar conta á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia.

b) O inserimento legal do Plan de Estradas de Galicia na Ordenación do Territorio

A Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia, e o seu Decreto 80/2000, que regula os Plan e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal, establecen que as infraestruturas deben inserirse na Ordenación Territorial de Galicia mediante *Plans Sectoriais* acordos coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos Plans Territoriais Integrados:

Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia

Capítulo II. Das directrices de ordenación do territorio

Artigo 7. Contido.

1. As directrices de ordenación do territorio terán o seguinte contido:

- h) *Fixación dos criterios para a localización e execución das infraestruturas e equipamentos de carácter comunitario, rexional ou subrexional.*

Capítulo III. Dos plans territoriais integrados

Artigo 13. Contido.

- c) *Sinalamento dos espazos aptos para servir de soporte ás grandes infraestruturas.*

Capítulo V. Dos plans e proxectos sectoriais**Artigo 22. Finalidade.**

1. Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos.

Decreto 80/2000, de 23 de marzo (de desenvolvemento da lei 10/1995), polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Artigo 1º.-Obxecto.

A través deste decreto régulase a finalidade, o contido, a eficacia e o procedemento de aprobación dos plans e proxectos sectoriais, de conformidade co disposto no capítulo V da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Artigo 3º.-Infraestruturas, dotacións e instalacións.

1. Considéranse infraestruturas as construcións e conducións destinadas a:

a) Comunicacións, transportes e telecomunicacións.

Capítulo II. Dos Plans Sectoriais**Artigo 6º.-Determinacións.**

Os plans sectoriais establecerán as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das infraestruturas, dotacións e instalacións que sexan o seu obxecto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, adecuándose á súa función vertebradora dunha política territorial, definindo os criterios de deseño, as características funcionais e a localización que garantan a accesibilidade e o inserimento da totalidade do territorio nunha racional disponibilidad destes elementos estruturantes.

c) A esixencia legal dunha Memoria Xustificativa do Interese Público dos Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal

Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Capítulo II - Dos Plans Sectoriais**Artigo 6º.-Determinacións.**

Os Plans Sectoriais conterán, como mínimo, as seguintes determinacións:

c) Xustificación do interese público ou utilidade social das infraestruturas, dotacións ou instalacións previstas no plan.

Artigo 7º.-Documentación.

Os Plans Sectoriais conterán os seguintes documentos:

b) Memoria xustificativa do interese público ou utilidade social, de carácter supramunicipal, da infraestrutura, dotación ou instalación, así como da idoneidade dos emprazamentos elixidos, da viabilidade económico-financieira da actuación e do acomodo do plan sectorial aos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.

Capítulo III - Dos Proxectos Sectoriais**Artigo 9º.-Determinacións.**

3. Os proxectos sectoriais conterán as seguintes determinacións:

b) Xustificación do interese público ou utilidade social da infraestrutura, dotación ou instalación prevista.

Artigo 10º.-Documentación.

Os proxectos sectoriais conterán os seguintes documentos:

b) Memoria xustificativa do interese público ou utilidade social, de carácter supramunicipal, da infraestrutura, dotación ou instalación, así como da idoneidade do emprazamento elixido, da viabilidade económico-financieira da actuación e do acomodo do proxecto sectorial aos instrumentos de ordenación do territorio vixentes e, no seu caso, ao plan sectorial correspondente.

d) O procedemento de aprobación do Plan de Estradas de Galicia segundo a lei**Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia****Artigo 6.**

Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia:

a) Aprobar os plans de estradas de Galicia e as súas modificacións nos termos previstos na presente Lei, que serán remitidos para o seu examen ao Parlamento de Galicia.

Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.**Capítulo IV. Do procedemento de aprobación dos plans e proxectos sectoriais****Artigo 13º.-Procedemento de aprobación.**

4. O Consello da Xunta de Galicia a proposta do conselleiro impulsor do procedemento e previo informe preceptivo do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobará definitivamente o plan ou proxecto sectorial coas modificacións ou correccións que estime convenientes e, no seu caso, acordará a declaración de utilidade pública ou interese social para os efectos expropiatorios.

5. O acordo de aprobación definitiva será publicado no Diario Oficial de Galicia e o plan ou proxecto sectorial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

3.1.2 O PLAN DIRECTOR DE ESTRADAS DE GALICIA (PDEG) 2008-2020: A SÚA INEXISTENCIA LEGAL E AS IRREGULARIDADES QUE IMPIDEN A SÚA APROBACIÓN

A Xunta de Galicia 2005-2009 elaborou o Plan Director de Estradas de Galicia (PDEG) 2008-2020. O PDEG foi *autorizado con carácter inicial (sic)* mediante resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT) do 3 de xullo de 2008, e *sometido a consultas (sic)* xunto co seu Informe de Sustentabilidade Ambiental (suponse que correspondente á Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan) mediante Resolución da Dirección Xeral de Transportes (DXT) da CPTOPT do 4 de setembro de 2008.

A Xunta de Galicia 2009-2012 paralizou a tramitación do PDEG e someteuno a unha modificación substancial mediante o chamado Plan MOVE, segundo se detalla no punto seguinte. Porén, a Xunta continuou, sorprendentemente, o procedemento da Avaliación Ambiental Estratéxica do PDEG, non do Plan MOVE, e elaborou unha Memoria Ambiental que foi emitida o 17 de xaneiro de 2011.

O PDEG non foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e, en consecuencia, a súa aprobación non foi publicada no DOG. Polo tanto, **o PDEG non existe legalmente**.

Pero ademais **o PDEG tampouco non podería ser aprobado debido ás súas irregularidades**:

- Non está inserido nunha cadea xerárquica de planificación racional: estudo de mobilidade / plan de mobilidade e transporte / plan de infraestruturas / plans de estradas, ferrocarrís e demais medios e infraestruturas de transporte.
- Carece de Memoria Xustificativa do seu Interese Público, que é preceptiva segundo a *lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia* e o *Decreto 80/2000*, que a desenvolve na regulación dos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- O feito do PDEG non estar inserido na cadea xerárquica de planificación descrita, impide que se poida xustificar o seu Interese Público e, polo tanto, impide a elaboración dunha Memoria Xustificativa fidedigna e legalmente válida.
- A Avaliación Ambiental Estratéxica realizada é cosmética e xustificativa, segundo se detalla nas alegacións presentadas por *Galiza Non Se Vende* (Rede na que está integrada *A Ría Non Se Vende*) o 25 de novembro de 2008.
- As alegacións presentadas nunca foron respondidas.

3.1.3 O PLAN DE MOBILIDADE E ORDENACIÓN VIARIA ESTRATÉXICA (Plan MOVE) 2009/2020: A SÚA INEXISTENCIA LEGAL E AS IRREGULARIDADES QUE IMPIDEN A SÚA APROBACIÓN

A Xunta de Galicia 2009-2012 paralizou a tramitación do PDEG 2008-2020 e elaborou un documento chamado Plan MOVE 2009-2015, que foi levemente modificado no 2010, e cuxas determinacións se estenden ata o ano 2020.

O Plan MOVE non foi sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica nin a información nin consulta públicas. Foi presentado en trámite de informe ao Consello da Xunta o día 3 de setembro de 2009, pero non foi sometido á aprobación do Consello, nin en forma de acordo nin de decreto. Polo tanto, non foi aprobado, e no DOG non se publicou a súa inexistente aprobación.

O *MOVE* declara de sí mesmo no seu punto 8. *Resumo*:

- 8.1.- *O Plan MOVE non é un Plan de Infraestruturas, senón un Plan de Mobilidade.*
- 8.2.- *O Plan MOVE completa, suplementa e perfecciona ao Plan Director de Estradas de Galicia, xa que este último é un plan de Infraestruturas, e o Plan MOVE é un plan de mobilidade.*

Efectivamente, o MOVE non é un Plan de Infraestruturas, por dúas razóns:

- Non se tramitou legalmente como un Plan.
- Non trata de todas as infraestruturas de transporte, senón só das estradas.

Pero o MOVE tampouco é un Plan de Mobilidade. Para iso debería determinar todos os medios e infraestruturas de transporte necesarios en Galicia a partir dun estudo de mobilidade. Pero só trata das estradas, e non contén un estudo de mobilidade, senón unha breve relación de datos que nin sequera reúne as características técnicas dun estudo de tráfico por estrada.

Por último, tampouco é verdade que complete, suplemente e perfeccione ao Plan Director de Estradas de Galicia. Un plan que non existe non pode completar, suplementar nin perfeccionar a outro plan que tampouco ten existencia legal.

En realidade, o Plan MOVE 2009-2020 é un Plan de Estradas que modifica substancialmente o PDEG da Xunta 2005-2009:

- O Plan MOVE propón un 25% máis de km de Vías de Altas Prestacións (VAP) de titularidade autonómica, e un 16% máis de km de VAP de titularidade estatal.
- O PDEG tiña entre os seus obxectivos que o 100% dos asentamentos de poboación se atopasen a menos de 30 min dunha VAP. O MOVE pretende que o 80% da poboación se atope a menos de 10 min dunha VAP.

Os dous cadros seguintes mostran a lonxitude total (km) de VAP previsto en ambos Plans, e a diferenza entre eles.

Datos PDEG (2008):

	VAP existentes 2008	VAP planeadas 2009-2020	VAP totais previstas 2020	Incremento sobre 2008
VAP estatais	767	804	1 571	x 2,04
VAP autonómicas	228	504	732	x 3,21
VAP totais	995	1 308	2 303	x 2,31
km VAP/10 ⁶ hab	369		853	
Relación Gal/Esp	369 : 249 = 1,48		853 : 249 = 3,42	
Relación Gal/Eu	369 : 136 = 2,71		853 : 136 = 6,27	

Datos Plan MOVE (2009):

	VAP existentes 2009	VAP planeadas 2010-2020	VAP totais previstas 2020	Incremento sobre		
				2008	PDEG	2009
VAP estatais	(767 + 4) 771	(804 + 250) = 1 054 (4 novas VAP propostas)	(1 571 + 254) = 1 825	2,38	1,16	2,36
VAP autonómicas	(228 + 106) 334	(504 + 75) 579	(732 + 181) 913	4,00	1,25	2,73
VAP Totais	(995 + 110) 1 105	(1308 + 325) = 1 633	(2 303 + 435) = 2 738	2,75	1,19	2,7
km VAP/10 ⁶ hab	409		1 014			
Relación Gal/Esp	409 : 249 = 1,64		1 104 : 249 = 4,43			
Relación Gal/UE	409 : 136 = 3,00		1 104 : 136 = 8,12			

Por todo o anteriormente exposto, **o Plan MOVE non existe legalmente.**

Pero, ademais, o **Plan MOVE tampouco non podería ser aprobado debido ás súas irregularidades:**

- Non está inserido nunha cadea xerárquica de planificación racional: estudo de mobilidade / plan de mobilidade e transporte / plan de infraestruturas / plans de estradas, ferrocarrís e demais medios e infraestruturas de transporte.
- Dado que o Plan MOVE constitúe unha modificación substancial do PDEG, debeu ser elaborado e tramitado como un novo Plan.
- Pero o Plan MOVE non foi legamente elaborado e tramitado, pois non se incorporou a Avaliación Ambiental Estratéxica no seu proceso de redacción, nin foi sometido a exposición pública.
- A Memoria Ambiental emitida pola Xunta de Galicia o 17 de xaneiro de 2011 corresponde ao PDEG, non ao Plan MOVE, e éste non foi modificado segundo as determinacións da Memoria.
- Carece de Memoria Xustificativa do seu Interese Público, que é preceptiva segundo a *lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia* e o *Decreto 80/2000*, que a desenvolve na regulación dos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- O feito do Plan MOVE non estar inserido na cadea xerárquica de planificación descrita, impide que se poida xustificar o seu Interese Público e, polo tanto, impide a elaboración dunha Memoria Xustificativa fidedigna e legalmente válida.

3.1.4 O PLAN CONXUNTO DENOMINADO PDEG-PLAN MOVE: A SÚA INEXISTENCIA LEGAL E A IMPOSIBILIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Tratando de enmascarar as irregularidades descritas, a Xunta de Galicia 2009-2012 incorre nunha nova irregularidade, ao citar nos documentos legais referidos ás estradas un Plan conxunto denominado PDEG-Plan MOVE.

Xa quedou descrito que ambos son Plans de Estradas, que o Plan MOVE é unha modificación substancial do PDEG, que ningún deles foi legalmente aprobado, e que ambos presentan graves irregularidades que impiden a súa aprobación.

3.1.5 RESUMO CRONOLÓXICO DA TRAMITACIÓN DO PDEG-MOVE

Como proba final de todo o afirmado ata agora, engadimos un resumo cronolóxico da tramitación de ambos plans.

- 2008: Plan Director de Estradas de Galicia (PDEG) da Xunta 2005-2009. Sometemento a *consultas* do PDEG e o seu ISA (DOG nº 178, de 15 de setembro de 2008).
- 2009: Plan MOVE da Xunta 2009-2012. Preséntase como un Plan de Mobilidade, non de Infraestruturas. Pero non é un Plan de Mobilidade, e o seu texto afirma que incorpora o PDEG. De feito, trátase dunha modificación substancial do PDEG (recolle un 20% máis de km de VAC-Vías de Alta Capacidade), presentada dun xeito máis resumido e coas relacións de estradas ordeadas de modo diferente. O MOVE foi publicado pero, a pesar dos cambios respecto do PDEG, non foi sometido a AAE nin a participación pública.

- 2009: Anuncio na prensa da aprobación do Plan MOVE polo Consello da Xunta de Galicia (preceptiva segundo a lei de estradas de Galicia). **Anuncio dunha falsidade.** O 3 de setembro de 2009 o CXG foi informado do Plan MOVE, do que se afirma que incorpora o PDEG. Pero o CXG non aprobou o MOVE. O 13 de outubro de 2010 o Plan MOVE foi presentado (pero non tramitado) no Parlamento de Galicia. A Aprobación Definitiva do MOVE non foi publicada no DOG.
- 2010: Modificación do MOVE 2009. Non foi presentada ao CXG. Foi presentada no Parlamento de Galicia o 13 de outubro de 2010. Non foi publicada no DOG. Modificacións: 2.738–2.724,8=13,2 km menos de VAC, e 4 265-3.644=621 M€ menos de orzamento.
- 2011: A CMATI redacta a Memoria Ambiental (documento final da AAE) do *chamado* PDEG-MOVE. A DXCAA emite resolución o 17 de xaneiro aprobando e facendo pública a MA. O DOG publica a resolución o 31 de xaneiro, e remite á web da CMATI para consultar a MA.
- Segundo o disposto polo artigo 12 da Lei 9/2006, corresponde ao órgano ambiental a emisión da Memoria Ambiental, que ten carácter preceptivo e vinculante, debendo quedar reflectidas as súas determinacións *no documento do Plan que se aprobe definitivamente*. Isto está recollido textualmente na MA publicada.
- Segundo o disposto polo artigo 13 da Lei 9/2006, o órgano promotor elaborará a proposta de plan ou programa tomando en consideración o informe de sustentabilidade ambiental, as alegacións formuladas nas consultas, incluíndo, se é o caso, as consultas transfronteirizas, *e a Memoria Ambiental*.
- Ou sexa: a Aprobación Definitiva do Plan ten que ser **despóis** de aprobar a MA e incorporala ao documento. **Non antes.** Así o recoñece a propia Memoria Ambiental.
- A Xunta fixo pasar unha modificación substancial do PDEG por unha fusión PDEG-MOVE; non fixo unha AAE propia do MOVE; non someteu o MOVE a exposición pública; 1 ano e 4 meses despois de presentar o MOVE emitiu unha Memoria Ambiental do PDEG que tenta facer pasar pola MA mixta do PDEG-MOVE.
- 2011: As determinacións da MA terían que ser incorporadas ao PDEG-MOVE antes da súa aprobación. Non hai constancia de que se publicara o chamado PDEG-MOVE incorporando as determinacións da Memoria Ambiental. De feito, o Plan MOVE exposto na web da CMATI é o de outubro de 2010, modificación (non sustancial no técnico, sí no económico) do de agosto de 2009.
- 2012: Tras revisar todos os Consellos da Xunta de Galicia e todos os DOG dende 2009 ata hoxe, día 28 de setembro de 2012, non hai constancia de que o PDEG-MOVE fose sometido a aprobación nin, polo tanto, fose aprobado polo CXG.

3.2.6 AS CONSECUENCIAS DA INEXISTENCIA DO PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA: TODOS OS PLANES VIARIOS COMARCAIS E METROPOLITANOS, E TODOS OS PROXECTOS E OBRAS DE ESTRADAS REALIZADOS DENDE O ANO 2000 CARECEN DE SOPORTE LEGAL.

Parece ser que o último plan galego de estradas foi o *III Plan de Estradas de Galicia 1991-2000*, que foi *aprobado inicialmente* en xaneiro de 1990. O Plan non é accesible na web da Consellería. Diversa documentación técnica consultada cita que o Plan foi *aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de xullo de 1991*. Pero os informes dos CXG anteriores ao 4 de agosto de 2005 tampouco non están dispoñibles na web da Consellería.

A *Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia* só contempla tres tipos de plans de estradas: O Plan de Estradas de Galicia (sobre as estradas de competencia autonómica e a súa coordinación coas restantes), os Plan de Estradas Provinciais (sobre as estradas de competencia das Deputacións) e os Plan de Estradas Municipais (sobre as estradas de competencia dos Concellos).

Porén, neste esquema caben Plans de Estradas comarcais e metropolitanos, de ámbito inferior ao provincial, pero que abranguen varios concellos. Pero non poden substituír ao Plan de Estradas de Galicia. Ben ao contrario: os Plans de Estradas comarcais e metropolitanos son Plans sectoriais de desenvolvemento territorial do Plan de Estradas de Galicia. No seu caso, deben abranguer todas as estradas comprendidas no seu ámbito, aínda que estean baixo a competencia de administracións diferentes, para coordenalas como un único sistema viario.

Despois de rematado o período de vixencia do III Plan de Estradas de Galicia 1991-2000 redactáronse os seguintes *plans de estradas metropolitanos*: Ferrol (2002), Santiago (2003), A Coruña (2004), e Vigo Íntegra (2008). Este último sería paralizado pola Xunta 2009-2012.

Pois ben: A inexistencia de Plan de Estradas de Galicia dende o ano 2000 ten as seguintes consecuencias:

- Todos os plans comarcais e metropolitanos de estradas, e todos os proxectos e obras de estradas realizados dende o ano 2000 ata hoxe (28 de setembro de 2012) carecen de soporte legal.
- Ningunha estrada autonómica en proxecto nin en construción pode ser legalmente construída.
- Ningunha estrada autonómica en proxecto nin en construción está inserida nun sistema viario previamente sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica e cuxa sustentabilidade ambiental estea demostrada.
- Ningunha estrada autonómica en proxecto nin en construción está inserida nun sistema viario cuxo interese público e utilidade social estean legalmente xustificadas.

Estes feitos conculcan a *Lei 4/1994, de Estradas de Galicia*, a *Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia*, e a *Ley (estatal) 9/2006, de Evaluación Ambiental de Planes y Programas*.

3.2 A INEXISTENCIA DE XUSTIFICACIÓN LEGAL PARA QUE O CONCELLO DE NIGRÁN RESERVE SOLO SOLO DESTINADO AO VIAL SAIÁNS-PORTO DO MOLLE

O Concello de Nigrán non pode decidir nin pode verse obrigado a reservar solo para o Vial, debido ás razóns seguintes:

Por parte da Xunta de Galicia:

- Non existe un Plan de Estradas de Galicia legalmente aprobado que acubille o Vial.
- Non existe un Plan de Mobilidade de Galicia que xustifique a necesidade do Vial.
- Non existe un Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal que desenvolva o Vial e que incorpore:
 - O trazado co nivel de detalle preciso para determinar os bens afectados.
 - A Memoria Xustificativa da súa Utilidade Pública.
 - A súa declaración de Interese Público
 - A súa Avaliación Ambiental

Por parte do Concello de Nigrán:

- Non existe un Plan de Mobilidade do Municipio que xustifique a necesidade do Vial.

Por parte do Concello de Vigo:

- O tramo do Vial Balsa-Saiáns formaba parte da proxectada Ronda de Vigo. Este tramo foi eliminado do PXOM de Vigo pola súa falla de necesidade e polo seu grave impacto ambiental, social, cultural e paisaxístico. Polo tanto, o tramo Porto do Molle-Saiáns non conduciría a ningures.

3.3 A INNECESARIEDADE DO VIAL SAIANS - PORTO DO MOLLE

O PXOM proposto contempla o proxecto de construción dun novo *“vial de conexión do parque empresarial terciario Porto do Molle coa estrada PO-332, como terceira vía de rolda que evite a conxestión do agregado urbano”*. Minusvalórase así a xa construída autoestrada AG-57, e máis en concreto o seu ramal AG-57-N, vía de alta capacidade (hoxe con escaso tránsito pola peaxe que graba o seu uso) que, chegado o caso, garantiría de sobra a mobilidade motorizada entorno á suposta grande actividade terciaria futura nese parque, a día de hoxe, con menos do 20% ocupado.

Esta autoestrada AG-57, construída con grande gasto orzamental e sacrificio medioambiental e impacto social fai escasamente quince anos, xa é unha alternativa. Como ben se di na páxina 8 adicada á *“Localización e características do ámbito territorial do Plan”* no *Informe de Sostibilidade Ambiental*, en diante ISA, deste PXOM: *“[Nigrán] Posúe unha boa comunicación coa autoestrada de peaxe AG-57 que une Nigrán e o Val Miñor [...] Ademais as principais estradas do municipio son a PO-325 ou C-325 e a PO-552 ou C-550. Ambas as dúas comunican Nigrán con Val Miñor e Vigo”*.

Xa que logo, pretender a construción un novo vial (sería o terceiro paralelo á costa), constitúe un erro cos agravantes engadidos de incidir na mala planificación do herario público, elevadísimo custe medioambiental e paisaxístico de magnitude tal só equiparable ás graves afeccións no patrimonio cultural, en especial arqueolóxico, da zona e ao relevante perxuízo social que ocasiona

xa, non só entre as veciñas e veciños deste concello de Nigrán, tamén na colindante veciñanza do Concello de Vigo.

Ao respecto, o PXOM de Vigo, en vigor desde o 25 de agosto de 2008, suprimiu o proxecto que tamén inicialmente se considerou de trazar un vial, o que se coñecía daquela como “Ronda de Vigo: Balsa – Saíans – Porto do Molle”, continuación integrante deste mesmo que agora nos ocupa, precisamente eliminado do PXOM vigués pola grave desfeita medioambiental, cultural e alarma social que ocasiona tan só o seu proxecto.

3.4 A INNECESARIEDADE DO VIAL CHANDEBRITO-PRIEGUE

A proposta de PXOM dun novo vial de Chandebrito a Priegue, tal e como se define no citado ISA: *“En realidade se trata de acondicionar o camiño forestal actualmente existente procurando un ancho axeitado para a circulación de vehículos, mellora de firme actual que non se debe asfaltar necesariamente, creación de zonas para permitir o estacionamento”* (p. 12 do referido ISA) non achega estudo de ningún tipo que a xustifique.

Asemade de omitir que non existe volume de tráfico motorizado para a construción dun novo vial a maiores do xa existente, por máis paralelo, a estrada PO-3324, a proposta de novo vial pola conversión do actual camiño forestal minusvalora a dificultade do terreo, a forte exposición a precipitacións e ventos durante boa parte do ano, o descomunal valor paisaxístico e a grande riqueza forestal, cinexética e arqueolóxica desta parte do concello de Nigrán.

Terían que ser motivos razonados para aprobar a inclusión deste novo vial que recorda ao que se pretendía construír para dar servizo a un campo de golf deseñado para urbanizar, precisamente, esta parte do concello de Nigrán nos montes de Priegue, Camos e Chandebrito, e que foi rexeitado levar adiante non hai moito pola forte e especulativa degradación medioambiental e perxuizos sobre o patrimonio natural, cultural e social que ocasionaría.

Vigo, 4 de outubro de 2013

- A. C. BERRA VAL MIÑOR
- A. C. CALEIDOSKOPIO
- A. C. D. E. TREZE-CATORZE
- BOUZAS MÓVETE
- C. S. REVOLTA
- CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO
- COMISIÓN VECIÑAL DE AFECTADOS
POLA DEPURADORA DO LAGARES
- COLECTIVO XOGO DESCUBERTO
- FORO SOCIAL DE CANGAS
- GRUPO DE AXITACIÓN SOCIAL
- LUITA VERDE
- PLATAFORMA CIDADÁ DE REDONDELA
CONTRA A AUTOVÍA
- PLATAFORMA DEFENDE MOS
- SALVEMOS MONTEFERRO
- SOM DE RÚA
- VERDEGAIA
- VOCES POLO LITORAL DE TEIS



Unha rede en defensa da Ría de Vigo
www.arianonsevende.org

DNI: -- -- -- --